



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACION DO PREGO DE CONDICIÓNS E DO EXPEDIENTE DE ALUGUER DE INMOBLE PARA A PRESTACION DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

EXPEDIENTE: 2021/G003/001492

Á vista do actuado no expediente de concertación directa do alugueiro do inmoble que se describe a continuación:

- Localización: Travesía das Galanas nº 67, 1ª planta. Urbanización As Galanas, parcela 13.
- Identificación do propietario: Patrimonial Feranpe, S.L..
- Título de Propiedade: Escritura de compravenda de 26 de decembro de 2007, outorgada polo Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Hector Ramiro Pardo García, co número tres mil setecentos noventa e tres do seu protocolo.
- Superficie útil: 156 m²
- Referencia catastral: 3524701NH3432S0001SP.
- Inscripción no Rexistro da Propiedade de Padrón: 3ª Tomo: 742, Libro: 269, Folio: 209, Data: 15 de xaneiro de 2008.

Tendo en conta a Memoria desta Alcaldía incorporada ao expediente, do 2 de decembro de 2021, xustificativa da necesidade e conveniencia do aluguer, do fin a que pretende destinar o inmoble que se pretende alugar e do procedemento de adxudicación que se propón seguir.

Visto o informe do arquitecto municipal, do 29 de novembro de 2021, o Prego de condicións, do 13 de decembro de 2021, e os informes de Secretaría e de Intervención, de 14 e 16 de decembro de 2021, respectivamente.

Considerando que, segundo o citado informe de Secretaría, a cláusula 2.2 do Prego de condicións, referida ao prezo do contrato, en particular ao prezo dos servizos



complementarios recollidos na cláusula citada, debería ser analizada polo departamento de intervención ao non estar debidamente xustificado o importe dos citados servizos, aspecto que, segundo o citado informe, debería ser debidamente subsanado.

Considerando que o informe de intervención, do 16 de decembro de 2021, fiscaliza de conformidade o expediente, sen que se considere precisa subsanación algunha.

Sendo que, segundo o certificado de existencia de crédito, do 9 de decembro de 2021, incorporado ao expediente, existe crédito para o alugueiro do inmovible descrito por importe de mil catrocentos cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos de euro (1.453,21€), con cargo á partida 230/202.00 do orzamento vixente.

Vista a restante documentación que integra o expediente obxecto da presente e considerando que se cumpriron todos os trámites para proceder á concertar de forma directa o alugueiro do inmovible en cuestión.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o Prego de condicións que rexerá o alugueiro dun inmovible sito en As Galanas nº 67, 1ª planta, para a prestación do servizo de atención temperá, polo prezo máximo mensual de mil catrocentos cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos de euro (1.453,21€), de acordo co seguinte desglose:

.- Aluguer, setecentos cinco euros con trece céntimos (705,13 €) mensuais, máis o IVE correspondente, que ascende a cento corenta e oito euros con oito céntimos (148,08 €), o que supón un importe total mensual de oitocentos cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos (853,21 €).

.- Servizos complementarios, IVE engadido,:



- Luz e calefacción – 250 €
- Auga e saneamento – 10 €
- Teléfono e internet – 100 €
- Limpeza do inmobile e áreas comúns – 150 €
- Recollida de lixo, servizo de mantemento interior do local e sinalización corporativa – 90 €.

Segundo.- Aprobar a taxación realizada polo arquitecto municipal, Ignacio Soto González, valorando o alugueiro do inmobile en 705,13 € mensuais.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación e o gasto correspondente, con cargo á partida 230/202.00 do vixente orzamento municipal, por importe mensual de mil catrocentos cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos de euro (1.453,21€), segundo o desglose detallada con anterioridade.

Cuarto.- Invitar ao propietario para ver se está interesado en alugar o inmobile descrito e se acepta as condicións polas que se formalizará o alugueiro de forma directa

Quinto.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz